

MINIPROGRAMACIÓN DE INGLÉS 2020-21 (1º e 2º BAC)

1. Avaliación

1.1 Procedementos e instrumentos en caso de ensino presencial e semipresencial

- Observación (mediante fichas deseñadas a tal efecto) do traballo e actitude do alumnado dentro da aula.
- Control do traballo que se pide facer na casa.
- Recollida de cadernos, traballos, proxectos, fichas do libro de lectura.
- Probas con material de apoio
- Entrega de material de reforzo no caso do alumnado con máis dificultades.
- Exames que incluírán exercicios de gramática, vocabulario, comprensión e expresión escrita, comprensión oral, expresión oral.
- Representación de “role-plays” e outras actividades de expresión oral (entrevistas, debates, descrições, ...)

Utilizaráse **EDIXGAL**, Aulas Moodle, email, videoconferencias en Ciscowebex,

Procedementos	Instrumentos de Avaliación	Estándares asociados a	Porcentaxe sobre a cualificación	Exemplos de materiais avaliados
Observación	Fichas de observación Diario de observación	<ul style="list-style-type: none">• CSC• CL• CAA	5%	Notas de clase Notas de libreta Actitude en clase
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none">• CL• CCEL	80%	Exames escritos Exames orais Quizzes
Produccións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Produccións	<ul style="list-style-type: none">• CCL• CM• CD• CAA• CSL• CCEC	15%	Proxectos Traballos Redaccións
Para Bacharelato				

REFORZO DE INGLÉS 1º E 2º BACHARELATO

1. OS INSTRUMENTOS UTILIZADOS NA SÚA AVALIACIÓN SERÁN VARIADOS:

1. Diario ou Fichas de observación da práctica das distintas destrezas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita)
2. Rúbricas dos Proxectos ou produccions relacionadas coa práctica das destrezas (expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita)

2. PROCEDEMENTO E PORCENTAXE SOBRE A CUALIFICACIÓN DA MATERIA:

1. A nota acadada na materia supón o 100%
2. A actividade realizada na optativa de Reforzo poderá sumar ata 1 punto na cualificación da materia, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, isto é, debe ser igual ou menor que 10.

1.2. Procedementos en caso de ensino non presencial:

a) Instrumentos de avaliación:

1. Probas telemáticas
2. Produccións, Traballos e Proxectos: tendo en conta a calidade dos mesmos destinados a reforzar, recuperar e repasar as 4 destrezas para a consecución dos estándares de aprendizaxe imprescindibles asociados a cada unha delas, sendo conscientes que a práctica da destreza oral vese limitada polo uso de vías de comunicación telemáticas.
3. Observación do grao de Participación nas tarefas propostas

Utilizaráse EDIXGAL, Aulas Moodle, email, videoconferencias en CiscowebeX

b) Procedemento para obter a cualificación final de curso:

1. Para obter a nota media en caso de ensino non presencial teranse en conta os seguintes instrumentos de avaliación :

- ❖ *Grao de participación 20%*
- ❖ *Traballos, proxectos ou tests online.....30%*
- ❖ *Probas telemáticas 50%*

1.3 Procedementos e instrumentos de Avaliación

Probas

Realizarase polo menos unha proba escrita e unha oral por trimestre na que poderanse agrupar varias unidades. Estas probas terán lugar nunha ou en varias sesións e constarán das seguintes partes tanto nas probas trimestrais coma na proba extraordinaria de setembro :

PROBA	ESO / 1º BAC / FP BÁSICA	2º BAC
Listening	20%	10%
Speaking	20%	10%
Reading	20%	30%
Writing	20%	30%
Use of Language	20%	20%

Producións

Trátase de traballos monográficos, proxectos, presentacións, RolePlays , entrevistas, debates, descricións, redaccións, actividades, exercicios e cuestións feitas na aula ou na casa. Valorarase nas producións do alumnado o seguinte:

- Realización completa e axustándose ós prazos de entrega.
- Caderno completo, ordenado e limpo. Valorarase as autocorreccións, aportacións, e melloras.
- As achegas para traballos deberán ser correctamente contextualizadas e peneiradas evitándose a copia textual de fontes de información dixital ou escrita sen unha análise, comprensión e elaboración propia.
- Valorarase a creación de contidos nos temas propostos para elo e a exposición ao grupo do tema traballado.

Actitudes : A observación e rexistro das actitudes do alumnado vai ser unha constante. Teranse en conta os seguintes apartados valorándose positiva ou negativamente:

- Iniciativa e interese.
- Comportamento que facilite a concentración nas tarefas asignadas.
- Puntualidade e calidade na entrega das producións.
- Participación no traballo dentro e fora da aula.
- Hábitos diarios de traballo e uso axeitado do caderno.
- Traballo en grupo: desenvolvemento da súa tarefa no grupo, respecto pola opinión dos demais, aceptación da disciplina do grupo, participación nos debates, integración.

PROCEDIMENTO PARA OBTER A NOTA MEDIA FINAL

1. A avaliación será continua e progresiva e teranse en conta todos os materiais avaliados durante as tres avaliacións. Non haberá un exame final.

2. Para obter a nota media final farase a media aritmética da nota acadada en cada unha das avaliacións. Tódalas avaliacións teñen o mesmo valor.

3. **O aprobado obtense cando a nota media final acadada é igual ou superior a 5.**

*Se utilizará o método do redondeo da nota acadada á unidade, é dicir se a primeira cifra decimal é 5 ou maior, debemos pasar á unidade seguinte. Polo tanto, se o alumno acada un 4,5, a súa nota será 5.

(Esta aproximación na nota final faise a partir das notas aritméticas, con decimais, obtidas en cada avaliación e non con a redondeada que figura nos boletíns.)

4. a) **Se a nota media das tres avaliacións fose menor de cinco e tivera aprobada a terceira avaliación, considerase que aproba a materia.**

b) **Coa terceira avaliación suspensa é posible aprobar, sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a un 5.**

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

1. A cualificación será resultado da proba escrita e oral.

2. O exame de setembro constará de 5 partes para os alumnos de ESO ,BACH e FPBÁSICA: reading, writing,listening, speaking e uso da lingua (gramática e vocabulario).

3. O aprobado obtense cando a nota do exame é igual ou superior a 5.

*Se utilizará o método do redondeo da nota acadada á unidade, é dicir se a primeira cifra decimal é 5 ou maior, debemos pasar á unidade seguinte. Polo tanto, se o alumno acada un 4,5, a súa nota será 5.

4.2 - Deseño da avaliación inicial

Na primeira quincena do curso realizarase unha proba de avaliación inicial para saber os coñecementos previos do alumnado en particular e do grupo en xeral. A avaliación inicial non contabilizará para a nota final. Nesta avaliación empregaremos calquera dos instrumentos e procedementos citados anteriormente:

1. Observación directa
2. Probas escritas e orais
3. Producións individuais ou en grupo

En todo caso, os procesos de avaliación inicial serán variados atendendo ás características dos distintos grupos .

4.3 Alumnos coa materia de inglés pendente.

Utilizaráse EDIXGAL, Aulas Moodle, email, google classroom, videoconferencias en Ciscowebex, google meet ,google drive, blogues, etc para comunicarse cos alumnos e para a realización de actividades de repaso, reforzo e recuperación que integren as 4 destrezas .

4.3.1 Procedementos e instrumentos en caso de ensino presencial e semipresencial

Criterios de avaliación:

Aprobarán a materia pendente os alumnos que se encontren en algún dos seguintes supostos:

- a) O alumno superou a materia pendente realizando unha proba e entregando o material de reforzo solicitado.
- b) O alumno aprobou a 1ª ou 2ª avaliación do nivel actual.

Criterios de cualificación:

- (a) Proba de pendentes e realización de traballos (30% traballo, 70% exame).
- (b) Cualificación obtida na avaliación superada no nivel actual. (100%)

Procedementos e instrumentos de avaliación

1. Procedementos:

- ✓ Entrega de traballo de recuperación da materia pendente.
- ✓ Probas

2. Instrumentos:

- ✓ **Probas**
- ✓ Rúbrica de avaliación de traballos
- ✓ Observación

Procedementos	Instrumentos de Avaliación	Estándares asociados a	Porcentaxe sobre a cualificación	Exemplos de materiais avaliábles
Probas	Probas escritas Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • CL • CCEL 	70%	Exames escritos Exames orais Quizzes
Produccións	Rúbricas de Proxectos Rúbricas de Produccións	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CM • CD • CAA • CSL • CCEC 	30%	Proxectos Traballos Redaccións
Para alumnos de ESO e Bacharelato				

4.3.2 Procedementos e instrumentos en caso de ensino non presencial

A) Criterios de avaliación:

- a) O alumno entregou o material de recuperación da materia pendente solicitado durante este curso.
- b) O alumno aprobou a 1ª ou 2ª avaliación do nivel actual.

B) Criterios de cualificación:

- (a): Cualificación obtida a través da entrega dos traballos da materia pendente realizados no primeiro e segundo trimestre. (100%)
- (b) :Cualificación obtida na avaliación superada no nivel actual. (100%)

C) Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

- ✓ Entrega de traballo de recuperación da materia pendente.
- ✓ Probas e traballos realizados no curso actual

Instrumentos:

- ✓ Rúbrica de avaliación de traballos
- ✓ Observación

Os alumnos pendentes serán responsabilidade do profesor encargado do curso actual, pero contará coa colaboración do profesor ou profesora que impartiu clase no curso anterior en canto á elaboración de materiais dado o seu coñecemento do alumnado.